

CURSOS DO CIOV 2018-2019

OBRADOIRO DE NARRACIÓN ORAL

PROGRAMA

Neste novo curso, volvemos propoñer desde o *Centro de Interpretación de Oralidade de Vigo CIOV*, a aprendizaxe de recursos para narración oral na escena e a súa posta en práctica.

Dirixidos tanto ao alumnado que xa formou parte destas dinámicas como ao que quere entrar por primeira vez, os contidos estarán divididos en tres bloques e impartidos por tres profesoras diferentes: Paula Carballeira, Raquel Queizás e Ana Carreira. Deste xeito, o alumnado traballará, non só desde a diversidade e complementariedade que outorga a integración nun colectivo, senón que o fará desde a diversidade e a complementariedade docente.

As aulas impartiranse no Instituto Municipal de Educación, IME, sito no camiño do Chouzo (preto da praza da Industria) de Vigo, e estarán organizadas, como cada ano, polo CIOV, dependente da Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

BLOQUE 1. PROFESORA: Ana Carreira

CONTIDOS XERAIS

A DRAMATURXIA DOS CONTOS. QUE CONTAR E COMO CONTAR

Neste bloque, tanto para iniciadas como para o alumnado que se enfrente por primeira vez a esta arte, incidiremos desde a práctica nos seguintes temas:

- As fontes e os puntos de partida: da anécdota cotiá á tradición oral galega pasando polas lendas, mitos e contos máis universais.
- A funcionalidade da narración oral: “Comunicación: construción da memoria histórica”; “Asimilación da tradición oral como patrimonio”; “Sociolingüística: normalización da lingua galega”; “Estética: entretemento”.
- O punto de vista
- A adaptación á contemporaneidade.
- O xénero e a transgresión dos xéneros.
- As técnicas para a composición e os elementos compositivos:
 1. Argumento.
 2. Personaxes.
 3. Espazo; tempo (ordenación e duración); a digresión.
 4. Mecanismos de recepción.
 5. Dimensión simbólica ou metafórica de cada un dos ingredientes para a elaboración da trama.

Debido ao carácter práctico das aulas os temas serán abordados de xeito transversal. O traballo colectivo servirá para a reflexión común repercutindo no traballo individual de cada participante.

DATAS DO BLOQUE 1: 18 e 25 de outubro; e 8, 15, 22 e 29 de novembro (horario: de 16:00 a 20:00 h)

BLOQUE 2. PROFESORA: Paula Carballeira

CONTIDOS XERAIS

REINVENTAR A TRADICIÓN

A estrutura e a simboloxía dos contos tradicionais poden converterse en boas aliadas das persoas que se adican á narración oral no século XXI, unha época onde se mira máis cara ao futuro que cara ao pasado. Pero como o tempo da ficción non responde aos mesmos parámetros que o tempo prisioneiro nos reloxos, descubramos cal é a tradición que reinventamos cando contamos historias, de onde vimos como narradoras, como narradores.

Os aspectos que traballaremos serán:

1. Os referentes.

- Memoria individual e memoria colectiva.
- A herdanza cultural e emocional.
- Fabulación e confabulación.

2. A selección das historias.

- A conmoción. O impacto emocional.
- A vixencia temática.
- A empatía con quen recibe o conto.

3. Os elementos do conto tradicional no século XXI.

- Os personaxes. Seguimos tendo heroes / heroínas?
- Os argumentos e os temas. As teimas. A obsolescencia.
- Os espazos da narración. A introdución do espazo urbano.
- A estrutura.

4. A busca da beleza na oralidade.

- A creación de imaxes. Os recursos estilísticos: metáfora, hipérbole, reiteración, metonimia...
- A importancia das lembranzas. A capacidade de evocación.
- A música e o ritmo das palabras.

5. O lugar reservado para a narración oral na sociedade.

- Onde se conta?

· Para quen se conta?

· Cando se conta?

DATAS DO BLOQUE 2

10, 17 e 31 de xaneiro; 7 e 14 e 28 de febreiro (horario: 16:00 a 20:00 h).

BLOQUE 3. PROFESORA: Raquel Queizás

CONTIDOS XERAIS

BRINCAR COAS LENDAS

Para contar un conto hai que ter moitas ganas de contalo. A narradora ou narrador ten que sentir a necesidade de comunicalo e crear un mundo de imaxes nas que mergullarse, só deste xeito o auditorio o poderá ver. Buscaremos na nosa memoria aqueles momentos vividos ou recreados que queremos compartir para que nos axuden a evocar un clima máxico á hora de comezar a narrar. Quen nos transmitiu a historia? Como? Cando? Onde? Sexa certo ou non, que resulte verosímil.

Achegaremos os nenos ás nosas lendas para descubrirlles os nosos seres míticos, que en ocasións gardan moitas similitudes cos seres míticos doutras culturas. Adaptaremos esas lendas facendo que prime a acción, contando os acontecementos secuencialmente para crear interese, introduciremos repeticións, mesturaremos elementos da vida cotiá con elementos maravillosos. Meterémonos na pel dos personaxes, espontaneamente, sen forzarse, a través de diferentes técnicas e recursos.

Brincaremos cos contos, coas palabras, co noso corpo, coa nosa voz, con monicreques e tamén xogaremos cos obxectos a animalos, a espertar a metáfora que durme dentro deles, para que formen parte do espazo escénico e sirvan de reforzo da palabra sen quitarlle protagonismo.

DATAS DO BLOQUE 3

11, 25 de abril e 2, 16, 23, 30 de maio (horario: 16:00 a 20:00 h).